

### O 1º COMITÉ NACIONAL DE UGT-GALICIA REUNIUSE ESTE MARTES EN SANTIAGO

## URXEN SOLUCIÓNS PARA O PROBLEMA DA VIVENDA PORQUE COS SALARIOS MEDIOS GALEGOS ACTUAIS FAISE DIFÍCIL AFRONTAR ALUGUEIROS

*Os Orzamentos da Xunta para o 2026 adoecen dunha política fiscal progresiva, deberían prestar máis apoio aos servizos públicos, ao investimento produtivo e ao emprego de calidade para garantir a cohesión social e a igualdade*

**Redacción.-** O 1º Comité Nacional de UGT-Galicia, no que participan a Comisión Executiva do Sindicato e unha representación dos seus organismos, tanto das unións comarcais como das federacións, e que se constitúe como o máximo órgano de dirección entre congresos, reuniuse este martes en Santiago. Este órgano debateu sobre a situación actual, analizou diversas cuestións de carácter interno e puxo enriba da mesa as propostas de UGT-Galicia de cara aos vindeiros meses, as pautas de traballo.

Na orde internacional advertiuse sobre as guerras en Palestina e Ucraína e pediuse o cese inmediato das agresións e o cumprimento estrito do dereito internacional en ambos casos. Tamén se alertou sobre a dereitización do Parlamento Europeo e sobre unha axenda que está a implementar recortes en materia de dereitos laborais, fiscalidade, estado de benestar e transición ecolóxica. Ante o cal, UGT esixe un pacto de investimento social europeo que aposte e poña no centro o emprego e a industria e que isto se faga cunha aposta clara por unha Europa social, laboral, feminista, ecolóxica e solidaria.

### A situación de crispación que se vive en España é o caldo de cultivo ideal para que prolifere a precariedade

En España, o Comité Nacional de UGT-Galicia alertou sobre a conxuntura de crispación que se vive e como esta situación é o caldo de cultivo perfecto para que a precariedade se converta nunha constante no mercado laboral do país. Así o amosa a recente sentenza do Tribunal Supremo sobre a indemnización por despedimento improcedente, que constitúe un ataque histórico á clase traballadora, consolidando un despedimento barato e rompendo o equilibrio en-



tre empresa e traballador. De feito, UGT está estudando levalo ao Tribunal Constitucional e abrir un calendario de mobilizacións.

### Aposta polo diálogo social (Pacto de Estado polo Clima, nova Lei de Prevención, suba do SMI e redución de xornada)

De cara aos vindeiros meses, o Comité Nacional estableceu unha axenda de traballo. A aposta polo diálogo social e a negociación colectiva vai ser clara. Nestes contextos, haberá que afrontar os desafíos do cambio climático cun Pacto de Estado polo Clima; abordar unha nova Lei de Prevención de Riscos Laborais que atenda aos novos retos, saúde mental, IA e que impulse a figura dos delegados e delegadas de prevención; reivindicarase un SMI que chegue ao 1.273 euros en 14 pagas e que tribute; que a vivenda se converta nun dereito constitucional; e que as 37,5 horas semanais sexan un feito para camiñar cara as 32 porque reducir o tempo de traballo é mellorar en saúde, conciliación e igualdade.

### Impulso VI AENC

UGT tamén vai traballar no impulso do VI AENC que prevea a redución da xornada, os salarios dignos e a mellora das condicións laborais. Paralelamente, tamén urxe o control efectivo da xornada laboral e a erradicación das horas non aboadas nin cotizadas.

### Medra o PIB pero non na mesma porcentaxe o emprego en Galicia

En canto á situación sociolaboral de Galicia, o Comité Nacional do Sindicato recoñece que esta Comunidade consolida o seu crecemento, cun aumento do PIB do 2,6% pero coa persistencia de debilidades no modelo produtivo, especialmente na creación do emprego. A modo de exemplo, os postos de traballo equivalentes a tempo completo aumentaron un 0,9% en taxa interanual este trimestre, fronte ao mencionado aumento do PIB dun 2,6%. Mentres que no Estado si que hai este traslado do crecemento do PIB ao emprego, xa que este medra un 3,3%.

Tamén incídese en que o crecemento

do PIB susténtase na demanda interna, 1,9 puntos, mentres que a demanda externa achega tan só 0,3 puntos. O consumo público rexistra un incremento do 3% pero o gasto dos fogares só evoluciona nun 1,2%.

## Mercado laboral galego

O mercado laboral mellora cun aumento da ocupación e cunha mellora da calidade do emprego, grazas á reforma laboral. Con todo, persisten problemas como o baixo nivel de actividade en Galicia, a falta de relevo xeracional, o peso do emprego a tempo parcial entre as mulleres, 72%, ou a elevada taxa de paro entre as persoas con menor formación. Neste senso, tamén destacan o desemprego de longa duración, 34.000 persoas, das cales 19.000 leven máis de dous anos, e catro de cada dez parados galegos non cobran nada. Ademais, as mulleres seguen representando o 58,3% do desemprego, cunha fenda salarial de 16 puntos. E a todo isto súmaselle o segundo índice de envellecemento máis elevado do Estado e unha perda de poboación moza (entre 16 e 29 anos) de 80.500 dende o ano 2010 ao 2024.

## Orzamentos Xunta

No relativo aos Orzamentos da Xunta para o 2026, UGT-Galicia considera que as previsións de ingresos son demasiado optimistas. Insístese nun modelo fiscal baseado en rebaixas tributarias selectivas e vantaxes regresivas que reducen a progresividade e limitan a capacidade recadatoria. Ademais, o forte incremento previsto dos ingresos fiscais non se corresponde cun escenario económico moderado, o que xera dúbidas sobre a súa

viabilidade. E mantense a liña de anos anteriores dunha elevada dependencia dos impostos indirectos, o que fai o sistema menos xusto.

Os orzamentos non abordan de xeito decidido problemas como listas de espera, situación de primaria, empeoramento condicións educativas ou a situación de dependencia

No gasto público, incrementáanse os custos de persoal e o gasto corrente pero redúcense os investimentos, algo preocupante para afrontar retos estruturais como o envellecemento, a transición enerxética ou a modernización produtiva. Os incrementos en sanidade e educación son considerados positivos pero insuficientes: non abordan de forma decidida problemas como listas de espera, falta de profesionais, saturación da Atención Primaria ou empeoramento das condicións educativas. Na dependencia tamén hai máis fondos pero o aumento é cativo fronte á crecente demanda, polo que podería dificultar a mellora da atención e das condicións laborais nun sector feminizado e esencial.

## Recursos cativos para políticas activas de emprego, I+D+i ou vivenda

Outros ámbitos clave, como políticas activas de emprego, I+D+i e vivenda, tamén presentan recursos por baixo das necesidades dunha Galicia cun forte envellecemento e con retos produtivos e sociais importantes. A pesada carga financeira da débeda limita aínda máis a capacidade de actuación.

En conclusión, para UGT-Galicia, os orzamentos deberían ter unha política

fiscal máis progresiva, con maior capacidade redistributiva e máis apoio aos servizos públicos, ao investimento produtivo e ao emprego de calidade, para garantir cohesión social e igualdade de oportunidades.

## Propostas UGT-Galicia

Fronte a todo isto, UGT-Galicia fai as súas propostas. Hai que apostar pola reindustrialización verde e dixital apoiada en grandes investimentos coas achegas dos Fondos Europeos. Para non ficar atrás, a Xunta de Galicia debe impulsar a Axenda Industrial e coordinar sectores, empresas e axentes sociais.

Tamén é preciso apostar polo naval, a automoción e a industria agroalimentaria: non podemos perder os nosos centros de excelencia. Esiximos carga de traballo e investimento en I+D. Cómpre unha política industrial que aposte por actividades de alto valor engadido e que aborde o reto enerxético, situando Galicia como rexión pioneira na descarbonización e na creación de emprego sostible, sempre respectando o medio ambiente e o rural.

É necesario o fortalecemento e desenvolvemento pleno dos servizos públicos, modernizar as Administracións, investir máis no Sistema Público de Saúde; maior proxección e financiamento do ensino público; mellora do funcionamento da Xustiza; e mellora da atención e protección das persoas.

E, finalmente, UGT-Galicia aposta por revalorizar e impulsar o rural, converter este espazo nunha alternativa real provista das ferramentas necesarias para que as persoas podan vivir dignamente.

## ASINADO O CONVENIO COLECTIVO DE NAVANTIA

**Redacción.**- A Federación de Industria, Construción e Agro de UGT valora o contido do novo convenio de dunha maneira moi positiva, por supoñer un avance importante nas melloras das condicións laborais dos cadros de persoal de Navantia e por permitir asegurar o futuro do emprego a través da substitución xeracional.

A Federación considera que é necesario dotarse dun plan efectivo de traballo para que se produzan as saídas anticipadas por xubilación parcial e a consecuente procura da persoa relevista. Con estas e outras medidas, Navantia debe demostrar o seu compromiso coa incorporación de mozos e mulleres que contribúan a fortalecer o futuro de Navantia dentro do sector

Naval e de Defensa a nivel europeo e mundial.

Con todo, UGT FICA esixe á Dirección da Empresa a execución o máis axiña posible dos fitos económicos.

O Sindicato esixe un Plan de futuro, investimentos que sitúen aos estaleiros como punteiros a nivel europeo e mundial, un Plan de Formación, e un Plan de Igualdade, así como un Plan de Prevención que permita reducir a sinistralidade laboral no conxunto da empresa e das industrias auxiliares.



# TES DEREITO Á DESCONEXIÓN DIXITAL?

Que efectos ten na nosa saúde?

Que efectos ten sobre a conciliación da vida persoal e laboral?

Están obrigadas as empresas a garantir dita desconexión?

## Quen ten dereito á desconexión dixital?

Todas as persoas traballadoras, incluídas as que traballan a distancia

### Recólleo:

ART. 88 LO 3/2018, 5 de decembro

ART. 18 LEI 10/202, 9 de xullo

## Que efectos ten na nosa saúde?

*Dificulta a recuperación tanto física como mental ao interromper os descansos*

Sobreexposición tecnolóxica e a conectividade permanente

Dana  
Saúde física  
Cardiovascular  
Musculoesquelética  
Saúde mental

Baixas por saúde mental  
16% 2023  
17% 2024

Que efectos ten sobre a conciliación da vida persoal e laboral?



*O uso de dispositivos dixitais na contorna laboral como smartphones ou tablets está a provocar que se desdibuxen as fronteiras entre o tempo de traballo e a vida persoal*

Isto provoca conflitos na conciliación da vida persoal e laboral

Están obrigadas as empresas a garantir dita desconexión?

**SI  
POR  
LEI**

*Incluídas as vacacións estivais; así como elaborar unha política interna, na que se definan as modalidades de exercicio do dereito á desconexión, así como as accións de formación e de sensibilización do persoal sobre o uso razoable das ferramentas tecnolóxicas que evite o risco de fatiga informática*

**UGT**  

## OS TRABALLADORES DOS CENTROS DE DISCAPACIDADE, MENORES E INFANTIL 0-3 DEPENDENTES DE POLÍTICA SOCIAL MOBILÍZANSE EN DEMANDA DE MELLORAS LABORAIS, SOCIAIS E SALARIAIS

**Redacción.-** Este xoves os traballadores e traballadoras dos centros de discapacidade, menores e infantil de 0 a tres anos, dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta, manifestáronse en Santiago, fronte á sede da Administración galega en demanda de melloras laborais, sociais e salariais.

Dende UGT Servizos Públicos explicaron que se trata de tres sectores, que aglutinan a uns 10.000 traballadores e traballadoras en Galicia, que están infra-financiados, o que provoca que, en moitos casos, non se estean a aplicar os salarios e outro tipo de melloras sociais establecidas nos convenios, xa que as licitacións estanse a facer por baixo das necesidades mínimas para cubrir gastos como os salarios fixados nos respectivos



convenios colectivos.

Ante esta situación, os traballadores

e traballadoras din basta xa e demandan que se lles garanta o cumprimento dos seus respectivos convenios.

## CUARTA XORNADA DE FOLGA NO TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DA CORUÑA

*As dúas xuntanzas de mediación previas non conseguiron a desconvocatoria dos paros*

**Redacción.-** Hoxe estase a desenvolver a cuarta xornada de folga no sector do transporte de viaxeiros por estrada da provincia da Coruña, despois das dúas xuntanzas de mediación infructuosas que tiveron lugar esta semana para intentar a desconvocatoria da folga e das mobilizacións.

Dende FeSMC explican que levan catro anos cun convenio paralizado coa complicidade da Xunta, a pesar de que se está a falar dun servizo esencial básico e dun dos piares da mobilidade desta Comunidade.

Os traballadores e traballadoras do sector esixen, ademais dun incremento salarial que garanta o seu poder adquisitivo, unha redución da xornada que permita unha conciliación real da vida profesional e a persoal.

E, para garantir isto, ademais de reducir a xornada, demándase unha reordenación da mesma, que sexa coherente e que permita a demandada conciliación.

Tamén se pide unha actualización dos permisos retribuídos e días de asuntos propios.

Outra das demandas que se establece de cara á negociación é a necesidade de acometer a xubilación parcial para o sector e que este sexa tratado como un servizo público.

A mellora das condicións laborais é necesaria, como apunta Iván Cancela (FeSMC-UGT), para garantir o relevo xeneracional que xa esá aí e se está a converterse nun gran problema porque se á xente moza non lle ofrece unhas condicións laborais dignas non conseguirás atraela cara o sector.



## UGT FICA LAMENTA QUE AS NEGOCIACIÓNS DO CONVENIO DE CONSERVAS DE PEIXE FINALIZASEN SEN ACORDO

*Esta situación leva á convocatoria de folga os días 27 e 28 de xaneiro e 24 e 25 de febreiro*

**Redacción.-** A Comisión Negociadora do Convenio Colectivo para Conservas de Peixe, Semiconservas e Salgadasuras de Peixe e de Marisco reuniuse o pasado luns para tratar de desbloquear as negociacións tendentes a alcanzar un convenio digno para as persoas traballadoras do sector. Lamentablemente, a última proposta presentada pola patronal foi claramente insuficiente para cumprir este obxectivo, polo que os tres sindicatos con representación na comisión deron a negociación por bloqueada e acordaron abrir unha fase de mobilización en defensa dos intereses e dereitos de todas as persoas traballadoras do sector.

O principal inconveniente para alcanzar un acordo segue sendo, como se evidenciou nas últimas reunións, o establecemento dunha nova clasificación profesional en nove niveis. Aínda que as partes coincidimos na teoría na súa necesidade, a representación dos traballadores segue considerando que a formulación da patronal

non só non ofrece garantías claras na súa aplicación, senón que ademais xera dúbidas con relación ao encadramento e establece requisitos excesivos para o paso de auxiliares a niveis superiores, o que impide asegurar unha mellora real e xusta para a maioría do persoal.

Por se isto fose pouco, en materia salarial, a patronal ofrece un incremento cada ano de vivencia igual ao IPC real de cada ano, que mantería o poder adquisitivo, pero propón, entregas a conta claramente insuficientes (1,5% en 2026 e 1% o resto de anos), que, ademais, non corríxen os desequilibrios históricos entre grupos profesionais nin recoñece o valor do traballo no sector.



Por todo iso, UGT FICA, xunto ao resto de sindicatos, rexeitamos esta última proposta porque, en definitiva, non garante un convenio digno. Isto, a cerrazón da patronal, leva á convocatoria de catro xornadas de folga, os días 27 e 28 de xaneiro e os días 24 e 25 de febreiro. Dende UGT FICA insístese na necesidade de acadar un convenio xusto que mellore salarios, clasificación profesional e condicións laborais equilibradas.

## CONVOCADA FOLGA NO ALCAMPO DE SANTIAGO PARA O DÍA 23

**Redacción.-** O Comité de empresa en Alcampo Santiago, composto polos sindicatos UGT, CIG, CCOO e Feticio, convocaron folga para o próximo día 23 de decembro de 2025.

O calendario de festivos aprobado pola Xunta este ano inclúe os domingos 26 de xullo e 15 de agosto, días que veñen respectando no noso sector, sobre todo en Compostela coincidindo co festivo do 25 de xullo, patrón da cidade, esquecéndose que as persoas que traballan no comercio ta-

mén teñen familia e os festivos son o tempo que se dedica á familia, a descansar e a coidarse a un mesmo.

É por iso que o Comité tentou negociar coa empresa a situación, chegou mesmo a solicitar unha mediación a través do Consello Galego de Relacións Laborais, mediación que foi rexeitada pola Dirección de Alcampo en Compostela.

A apertura do comercio en festivos aumenta a carga de traballo, multiplica as xor-

nadas partidas, aumenta a eventualidade e precariza o traballo. É por iso que defendemos que se debe garantir a voluntariedade e a compensación en descanso equivalente e unha retribución xusta. Ante esta situación, desde o Comité de empresa lamentamos as molestias que esta folga poida ocasionar ás persoas clientes de Alcampo, esperando a súa comprensión conosco por tentar conciliar a nosa vida familiar coa laboral, nun sector con horarios de apertura excesivos que só benefician ás grandes multinacionais.

## A LUÍS TILVE LEMBRA A FIGURA DA DIRIXENTE DE FETE MARÍA VÁZQUEZ E PRESENTA A SÚA BIOGRAFÍA

**Redacción.-** O 15 de decembro a Fundación Luís Tilve presentou, no Paraninfo do Instituto Valle-Inclán de Pontevedra, a nova obra de Aurora Marco "María Vázquez, a mestra socialista eliminada polo franquismo"..

Neste acto fíxose un amplo recorrido pola vida e accións de María, ata o seu desenlace final, que concluíu co seu asasinato pola súa destacada actuación durante o período republicano, como lle

ocorreu a moitos docentes que foron fusilados ou "paseados", e na súa maioría, depurados, con consecuencias dende a expulsión do corpo ata a suspensión de funcións. María Vázquez constituíu o exemplo dunha muller comprometida coa educación, coa defensa das persoas máis necesitadas, co feminismo, e coa actividade sindical e política das organizacións de clase, como a UGT, nun tempo de enormes dificultades para facelo, e máis sendo muller.



## UGT-VIGO FAI UNHA HOMENAXE AOS AFILIADOS QUE CUMPREN 45 ANOS NO SINDICATO



## UGT ESÍXELLE AO SERGAS MEDIDAS URXENTES DE SEGURIDADE TRAS A GRAVE AGRESIÓN A UN VIXIANTE DE SEGURIDADE NO HOSPITAL DE OZA

### Ábrese un calendario de mobilizacións

**Redacción.** UGT e USO esixen á Consellería de Sanidade e ao SERGAS que adopten medidas inmediatas, reais e efectivas tras a grave agresión o pasado sábado a un vixiante de seguridade no Hospital de Oza, na Coruña, que perdeu parte do lóbulo e da cartilaxe da orella tras ser mordido por un paciente ingresado na unidade de psiquiatría.

Para UGT e USO, esta agresión non é un feito illado nin imprevisible, senón a consecuencia directa da falta de decisións e de avances efectivos por parte da administración sanitaria, a pesar de que a situación fora advertida previamente.

USO e UGT lembran que existiron reunións previas coa Consellería de Sanidade co obxectivo expreso de tentar activar un proceso de negociación sobre a seguridade nos centros sanitarios e as condicións nas que se presta o servizo de vixilancia na rede SERGAS.

A pesar deses encontros, devandito proceso quedou en paréntese, sen calendario, sen concreción e sen medidas aplicadas. Ante esta situación de bloqueo, e coa vontade expresa de reactivar as negociacións, UGT e USO rexistraron formalmente en outubro de 2025 varios escritos ante a propia Consellería de Sanidade, trasladando novamente as propostas xa expostas e solicitando retomar o diálogo de maneira efectiva.

Neses escritos, USO e UGT reclamaban, entre outras cuestións, a revisión e actualización dos protocolos de actuación ante pacientes agresivos; a dotación de medios de autoprotección adecuados para os vixiantes de seguridade; unha mellor coordinación entre seguridade privada e persoal sanitario; criterios homoxéneos en toda a rede SERGAS, evitando diferenzas entre centros; e a apertura dun marco de negociación sobre condicións laborais e retributivas, xunto a outras melloras substanciais na organización do servizo.

A día de hoxe, non se produciron avances reais, salvo a posibilidade de estudar unha fórmula de protección xurídica para o persoal, unha cuestión que segue pendente de clarificar, sen concreción, sen calendario e sen garantías de aplicación.

Mentres tanto, non se adoptaron medidas efectivas en materia de medios, protocolos, reforzo de cadros de persoal nin melloras substanciais, manténdose a mesma situación de risco que desembocou nesta agresión de extrema gravidade.

UGT e USO insisten en que non se pode falar de seguridade sen abordar as condicións laborais, porque ambas cuestións están directamente relacionadas.

UGT e USO rexeitan que a Conselle-

ría de Sanidade tente derivar o problema exclusivamente á empresa adjudicataria do servizo. É a Administración sanitaria quen define os protocolos, limita os medios e establece o marco de actuación, amparándose en conceptos como a “contención cero” sen ofrecer alternativas reais, seguras e eficaces para protexer a traballadores e pacientes.

Ante esta situación, ábrese un calendario de mobilizacións co fin de demandar do Sergas que active xa as medidas necesarias para evitar estas situacións.. Así, están previstas mobilizacións o día 22 no CHUAC, 7 de xaneiro fronte ao Sergas, 21 de xaneiro no CHUS e 28 de xaneiro fronte á Consellería en Santiago.

# UGT CELEBRA O ACORDO PARA AMPLIAR OS PERMISOS POR FALECEMENTO

**Redacción.-** O acordo alcanzado este luns contempla avances históricos en materia de conciliación, coidados e acompañamento, entre os que destacan, por exemplo, a ampliación ata dez días laborables do permiso por falecemento do cónxuxe, parella de feito ou de familiares ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade —pais e nais, avós e avoas, irmáns e irmás, fillos e fillas, e netos e netas—, a creación dun novo permiso de quince días laborables para o coidado de familiares próximos, tamén ata segundo grao, que se atopen en procesos terminais baixo coidados paliativos, garantindo o dereito para coidar e acompañar sen poñer en risco o emprego, ou a incorporación dun permiso específico dun día para acompañar a unha persoa cando vaia a recibir a prestación de axuda para morrer, con independencia da existencia de vínculo familiar, sempre que a persoa traballadora fose designada para o devandito acompañamento.

UGT subliña que este acordo reconece que a dignidade, o coidado e a saúde emocional tamén forman parte dos dereitos laborais, situando a

vida e as persoas no centro do Estatuto dos Traballadores e aliñando a España cos países europeos máis avanzados en protección social.

Desde o sindicato lamentamos profundamente que a patronal decidise non sumarse a un acordo que é profundamente humano, e que non responde a criterios de produtividade nin de absentismo, senón a unha realidade incuestionable: non se pode esixir normalidade laboral inmediata tras a perda dun ser querido ou durante o acompañamento en procesos de final de vida.

O sindicato apela á humanidade, ao sentido común e ao deber de representación de todos os grupos parlamentarios para que este acordo se tramite coa máxima celeridade no Congreso dos Deputados e poida aprobarse e entrar en vigor o máis axiña posible. UGT fai tamén un cha-



mamento ás organizacións empresariais para que reflexionen e demostren que a saúde mental e emocional das persoas traballadoras importa, sumándose a un marco de dereitos que acompaña tamén ás empresas nos momentos máis duros, achegando seguridade xurídica, estabilidade e cohesión social.

UGT seguirá traballando para que o emprego sexa compatible cunha vida digna, con tempo para coidar e ser coidado, e con dereitos que respondan ás necesidades reais da sociedade.

## AS PERSOAS MIGRANTES MELLORAN A NOSA SOCIEDADE

**UGT lembra, no Día Internacional das Persoas Migrantes, que a historia e a realidade actual deste país non se entenden sen os movementos migratorios**

**Redacción.-** Con motivo do Día Internacional das Persoas Migrantes, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) quere lembrar que máis de nove millóns de persoas residentes en España teñen nacionalidade estranxeira ou son españolas que naceron noutro país; no exterior hai nestes momentos máis de tres millóns de españois e españolas. A historia e a realidade actual deste país non se entenden sen os movementos migratorios.

España mantén desde o ano 2017 un saldo vexetativo negativo, os falecementos superan aos nacementos. E, con todo, a poboación total non deixa de crecer grazas ás persoas de nacionalidade estranxeira e ás de nacionalidade española nadas no estranxeiro. Sen a chegada que supón a migración cara a España, este país perdería poboación ano a ano. Un exemplo desta evidencia é que o incremento de poboación total entre os anos 2021 e 2025 foi de 1.727.499 persoas. Neste mesmo período, a poboación estranxeira e a española nada no estranxeiro aumen-

tou en 2.156.632, o que permitiu compensar o descenso de 429.133 persoas españolas nadas en España.

A poboación procedente do exterior que recibe España é, na súa maioría, máis nova que a de nacionalidade española. O 22,3% das persoas de nacionalidade española teñen 65 anos ou máis, porcentaxe que baixa ao 7,8% na poboación de nacionalidade estranxeira. Isto ten unha tradución directa no seu peso en relación á poboación ocupada e a poboación afiliada á Seguridade Social. Mentres que a poboación de fóra supón o 14% da poboación total, en ocupación, a porcentaxe alcanza o 15,7% e o 14,2% en afiliación.

Hai seccións de actividade nas que a participación da poboación estranxeira é esencial: no sistema especial de empregados de fogar representan o 41,5% do total de afiliación, o 37% no sistema especial agrario, o 28,4% en hostalería ou o 21,2% en construción. É reseñable a sobrerrepresentación das mulleres migrantes no traballo domés-

tico e en hostalería, ocupacións con altas porcentaxes de parcialidade e baixos salarios; máis do 66% das mulleres estranxeiras ou con dobre nacionalidade están ocupadas en empregos que non requiren cualificación ou en hostalería. Tanto para homes como para mulleres, a súa presenza nas ocupacións con menores salarios implica taxas de pobreza, incluída a pobreza laboral, elevadas.

Por outra banda, condutas delituosas como a trata de seres humanos ou algúns dos delitos contra os dereitos dos traballadores teñen como vítimas principais a persoas en situación administrativa irregular ou regular.

Neste Día Internacional queremos reivindicar para os máis de 300 millóns de persoas migrantes internacionais que hai no mundo, e para as que chegan cada ano a España ou saen dela, un trato conforme aos dereitos humanos e respectando os dereitos laborais de todas as persoas traballadoras, veñan de onde veñan.

## O CONSELLO DE EUROPA ADMITE A TRÁMITE A QUEIXA DE UGT POLA VULNERACIÓN DO DEREITO Á VIVENDA EN ESPAÑA

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) informa de que o Comité Europeo de Dereitos Sociais do Consello de Europa admitiu a trámite a queixa colectiva interposta por UGT contra o Estado español pola vulneración do dereito á vivenda recoñecido na Carta Social Europea Revisada.

A queixa, rexistrada como reclamación nº 243/2024, denuncia o incumprimento do artigo 31 da Carta (dereito á vivenda), así como a súa conexión cos artigos 16, 17, 19 e 30, relativos á protección da familia, das persoas mozas, das persoas migrantes e fronte á pobreza e a exclusión social, en relación co principio de non discriminación.

UGT sostén que o acceso a unha vivenda digna e alcanzable non está garantido para unha parte moi significativa da poboación traballadora en España, como consecuencia da insuficiencia do parque público de vivenda e dos eleva-

dos prezos do mercado privado. Esta situación afecta de maneira especialmente intensa ás persoas mozas, a quen percibe salarios baixos e ás persoas traballadoras migrantes, dificultando procesos básicos como a emancipación, a estabilidade vital e o desenvolvemento de proxectos de vida.

A organización sindical denuncia, ademais, que o dereito á vivenda continúa sendo tratado en España como un principio reitor e non como un verdadeiro dereito subxectivo e esixible, o que impide a súa tutela efectiva. Neste sentido, UGT puxo de manifesto que o actual marco legal e de políticas públicas non garante resultados inmediatos nin respostas eficaces, deixando o cumprimento do dereito á vivenda a prazos excesivamente dilatados e a decisións discrecionais.

O Comité Europeo de Dereitos Sociais recoñece expresamente a lexitimación de

UGT como organización sindical representativa para promover este tipo de reclamacións colectivas e considera que a queixa cumpre os requisitos esixidos para o seu exame sobre o fondo.

Coa admisión a trámite, ábrese agora a fase de fondo do procedemento. O Goberno de España dispón de prazo ata o próximo 16 de febreiro para presentar as súas alegacións ante o Consello de Europa, conforme ao establecido na decisión de admisibilidade..

UGT continuará defendendo, no marco deste procedemento, que o dereito á vivenda é un dereito social esencial para a clase traballadora, inseparable do dereito ao traballo, da cohesión social e da igualdade de oportunidades, e esixirá que as obrigacións asumidas por España no marco da Carta Social Europea tradúzanse en garantías reais e efectivas.

## UGT DENUNCIA UN DECEMBRO ESTREMECEDOR E RECLAMA UNHA RESPOSTA UNIDA FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA

**Redacción.-** Decembro comezou cunha crueza insoportable. En apenas 12 días, catro mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas en España, deixando sete menores en situación de orfandade. Con estes crimes, o número de mulleres asasinadas en 2025 ascende a 45, e desde 2003, ano no que se iniciou o rexistro oficial, son xa 1.340 as vítimas mortais de violencia de xénero. A iso súmase o recente falecemento dunha muller de 43 anos en Catarroja (Valencia), tras unha brutal agresión presuntamente cometida pola súa parella e pendente de confirmación como caso de violencia machista.

Os datos volven mostrar o carácter estrutural desta violencia e desmontan calquera intento de negación ou minimización. Cada asasinato, cada agresión e cada denuncia evidencian a profundidade do problema e a necesidade de reforzar os recursos públicos destinados á súa prevención e erradicación.

A gravidade do momento vese acentuada polo aumento de denuncias e casos de violencia sexual, abusos de poder e agresións en ámbitos como a política, a cultura, a música e o deporte. Estas situacións demostran que a desigualdade, a impunidade e os abusos

seguen profundamente arraigados nas estruturas sociais e nas xerarquías de poder, onde o silencio e o medo continúan actuando como mecanismos de control.

Nesta semana marcada polo Día Internacional dos Dereitos Humanos, UGT lembra que os dereitos das mulleres son dereitos humanos, e que a súa vulneración esixe unha acción firme e coordinada desde todos os espazos: institucionais, sociais, educativos e laborais.

Desde UGT denunciámos que, fronte á desvergoña dos discursos negacionistas presentes mesmo en institucións do Estado, as violencias machistas non só persisten, senón que en moitos casos están a aumentar, tal como demostran reiteradamente as estatísticas.

Ademais, alertamos do incremento da explotación sexual, especialmente a través de medios dixitais, redes sociais e plataformas que están a facilitar a expansión dun negocio delituoso que afecta especialmente a mulleres novas e menores.

A violencia contra as mulleres é un problema político e social de primeira

orde que implica un déficit democrático que debe ser abordado sen dilacións e sen escatimar recursos. En España as cifras de violencia son intolerables: mulleres asasinadas en contextos de parella e exparella, feminicidios sexuais, familiares e sociais, violencia vicaria, agresións e violacións en aumento, acoso sexual e por razón de sexo —especialmente presentes no ámbito laboral—, e a persistencia da trata con fins de explotación sexual.

Fronte a esta realidade, UGT esixe tolerancia cero ante todas as formas de violencia machista, reforzando a educación en igualdade desde idades temperás. Ademais, esiximos aos gobernos central, autonómicos e locais que garantan servizos públicos especializados, accesibles, estables e considerados esenciais, capaces de ofrecer atención integral ás vítimas as 24 horas do día, os 365 días do ano.

Tamén subliñamos a importancia do ámbito laboral na recuperación e autonomía das mulleres sobreviventes e reclamamos a revisión e o reforzo das políticas activas de emprego. O acoso sexual e por razón de sexo segue profundamente invisibilizado e esixe a mellora dos instrumentos estatísticos que permitan abordalo eficazmente.